

Asunto: alegacións á aprobación inicial da RPT do Concello de Betanzos

Anxos Sobriño Pérez, como presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897, enderezo postal no apartado de correos 170 de Santiago de Compostela (CP 15702), enderezo electrónico info@ctnl.gal e teléfono de contacto 629 571 950,

EXPOÑO:

No *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* do 16 de marzo de 2020, reiterado posteriormente no BOP do 17 de xuño de 2020, o Concello de Betanzos publicou o anuncio da aprobación inicial da súa relación de postos de traballo (RPT), decisión tomada polo Pleno da Corporación o día 27 de febreiro de 2020. Nos anuncios da aprobación inicial da RPT concédese un prazo de 15 días para presentar alegacións.

Na relación de postos de traballo aprobada provisionalmente (<https://i.gal/93ehx>) **non se inclúe a praza de técnico/a de normalización lingüística**, posto de traballo que se creou no Concello de Betanzos no ano 2005 e que desde entón estivo cuberto de forma continuada e desenvolve as funcións habituais dun servizo de normalización lingüística: funcións xerais de asesoramento sobre a política lingüística, funcións de dinamización sociolingüística, funcións de formación sociolingüística e funcións de asesoramento lingüístico. Porén, si figura a **praza de técnico/a de normalización lingüística como persoal laboral do grupo I** en documentos previos a esta nova relación de postos de traballo. Isto é así nos seguintes:

- Varias aprobacións definitivas de **orzamentos e relacións de postos de traballo**: en concreto no BOP núm. 235, do 11 de outubro de 2008, no BOP núm. 13, do 17 de xaneiro de 2006, e no BOP núm. 14, do 19 de xaneiro de 2005.
- Varias aprobacións definitivas de **orzamentos e cadros de persoal**: en concreto no BOP núm. 15, do 33 de xaneiro de 2020, no BOP núm. 149, do 8 de agosto de 2017, no BOP núm. 110, do 10 de xuño de 2016, no BOP núm. 169, do 5 de

setembro de 2014, e no BOP núm. 224, do 23 de novembro de 2012 (os dous últimos por remisión ao documento antes citado de 2008).

De acordo co artigo 38 da **Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia** (<https://i.gal/5wbwR>), a relación de postos de traballo “é un instrumento técnico de carácter público que inclúe **todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes** en cada unha das administracións públicas”. A través deste documento as entidades “estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos”. O artigo 202.1 da mesma lei refírese especificamente ás entidades locais e establece que “deberán elaborar unha **relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nelas**”.

As entidades locais de Galicia teñen entre as súas competencias a normalización lingüística, é dicir, a promoción do uso e do prestixio da lingua galega en todos os ámbitos de influencia da entidade. Así o aclararon (<https://i.gal/vhRBp>) en 2018 a Dirección Xeral da Administración Local e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, coa redacción e difusión do *Informe sobre a prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local en exercicio de competencia propia* (achegamos este documento como **anexo I**).

As ferramentas de traballo das administracións públicas para exercer as súas funcións son os **equipos técnicos especializados**; no caso das competencias en materia de promoción da lingua, o departamento técnico de que debe dotarse un concello é o servizo de normalización lingüística, que se encargará, entre outras funcións, de asesorar a entidade en todas as vertentes da súa política lingüística e **planificará, xestionará, executará e avaliará accións e programas de normalización lingüística** (incluímos como **anexo II** a relación de funcións dun servizo de normalización lingüística).

De acordo con isto, o Concello de Betanzos aprobou no ano 2016 unha **Ordenanza para o impulso da lingua galega** (<https://i.gal/olEx4>, publicada no BOP do 21 de decembro



de 2016). Neste documento normativo regúlase o uso da lingua na institución e na relación coa cidadanía e con outras entidades; e establécese o compromiso de impulsar a lingua galega desde todos os departamentos do concello co **asesoramento do servizo de normalización lingüística** (capítulo XI). O capítulo XIII recolle que “O Concello de Betanzos contará cun **Servizo de Normalización Lingüística (SNL) estable dotado con medios materiais e humanos suficientes** co obxecto de impulsar a normalización e procurar o incremento do uso e prestixio do idioma galego a todos os niveis e ámbitos sociais, e de coordinar as accións necesarias para darlle cumprimento a esta ordenanza” (artigo 23), ademais de especificar as funcións que se deben desenvolver desde este departamento.

De acordo co anterior, é evidente que **a praza de técnico/a de normalización lingüística** no Concello de Betanzos é unha praza estrutural do cadro de persoal, imprescindible para desenvolver as funcións fixadas na citada ordenanza. Por este motivo e por ser un posto permanente no cadro de persoal do concello, debe figurar tamén na relación de postos de traballo. Así mesmo, a inclusión desta praza na relación de postos de traballo é unha **oportunidade para consolidar e dar estabilidade ao servizo de normalización lingüística**, tal e como establece a Ordenanza para o impulso da lingua galega no Concello de Betanzos.

En relación con estes antecedentes, formulo as seguintes **alegacións** ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación o 27 de febreiro de 2020 sobre aprobación inicial da relación de postos de traballo:

1. **É necesario incluír a praza de técnico/a de normalización lingüística na relación de postos de traballo que se aprobe definitivamente**, pois a súa exclusión contravén **a Lei de emprego público de Galicia**, que obriga a incluír a totalidade dos postos de traballo existentes, **e a Ordenanza para o impulso da lingua galega no Concello de Betanzos**, que establece que a entidade local debe contar cun **SNL estable e dotado de persoal**.
2. Dada a necesidade de traballar desde o servizo de normalización lingüística de forma transversal con todos os departamentos do concello, **a praza debe**



situarse estruturalmente nun lugar do organigrama que favoreza este labor transversal.

Solicito que calquera notificación en relación con estas alegacións nos sexa dirixida preferentemente por correo electrónico ao enderezo info@ctnl.gal.

Pontevedra, 18 de xuño de 2020

Anexos:

- I. Informe sobre a prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local en exercicio de competencia propia
- II. Relación de funcións dun servizo de normalización lingüística